



Guía Docente				
Datos Identificativos				2019/20
Asignatura (*)	Inserción e orientación laboral	Código	652606612	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	Anual	Primeiro	Obrigatoria	4
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación			
Coordinación	Arza Arza, Neves	Correo electrónico	neves.arza@udc.es	
Profesorado	Arza Arza, Neves	Correo electrónico	neves.arza@udc.es	
Web				
Descrición xeral	A orientación profesional forma parte das funcións do profesorado da especialidade de FOL. A ausencia de formación neste campo na case totalidade do alumnado que accede ó itinerario de FOL explica a necesidade desta materia. A súa finalidade é proporcionar as competencias necesarias que lle permitan comprender o alcance e importancia da orientación profesional, planificar, desenvolver e avaliar accións de orientación profesional no Ensino Secundario e na Formación Profesional.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Identificar as atribucións docentes e as funcións do profesorado da especialidade de FOL no campo da orientación profesional e comprender a importancia e necesidade de formación neste ámbito	AP15		CM7
Analizar o desenvolvemento teórico da orientación profesional, describir e comprender os seus trazos conceptuais, as áreas, os principios e os modelos de intervención, e reflexionar sobre as súas implicacións para a práctica.	AP15 AP17 AP19		
Analizar as funcións sociopolíticas da orientación profesional reflexionar sobre as posibilidades e características dunha orientación profesional para o cambio que incida nunha praxe para a xustiza social.	AP15 AP19		CM4
Caracterizar a evolución e situación actual da orientación profesional no sistema educativo e no ámbito laboral, principalmente, no que fai ós aspectos organizativos, funcionais e profesionais.	AP17		CM7
Identifica-los factores que interveñen na inserción laboral e analiza-la súa relación coas áreas de intervención.	AP19		
Comprender e utilizar axeitadamente a terminoloxía do campo da orientación e inserción profesional.			CM1
Analizar a influencia do xénero na toma de decisións académicas e profesionais e na inserción laboral e identificar os indicadores da desigualdade de xénero no sistema educativo e no mercado laboral.	AP19		CM4
Comprender a necesidade de incorporar o enfoque de xénero na orientación profesional e deseñar propostas didácticas nas que se integre.	AP18 AP20		
Identificar as posibilidades de utilización das ferramentas da web 2.0 na OP, incorporalas na programación das materias da especialidade e valorar a súa contribución a alfabetización dixital do alumnado	AP16 AP19 AP20		CM3
Analizar o currículo das materias e módulos da especialidade de FOL tendo como criterios as características conceptuais da orientación profesional, as áreas e modelos de intervención.	AP15 AP16		



Deseñar, seleccionar e valorar programas e materiais de orientación profesional	AP20		
	AP21		
	AP25		

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1. A orientación profesional: campo de intervención do profesorado de FOL	<p>1.1. A orientación profesional/laboral no currículo dos módulos e áreas que imparte o profesorado de FOL</p> <p>1.2. A orientación profesional/laboral como función: as atribucións do profesorado de FOL nos departamentos de orientación e nos departamentos de información e orientación profesional.</p> <p>1.3. A orientación profesional no temario de acceso á especialidade</p> <p>1.4. Perfil profesional do/a orientador/a laboral</p>
Tema 2. Orientación profesional e orientación laboral	<p>2.1 Delimitación, caracterización conceptual da orientación profesional e da orientación laboral e relacións entre ambas.</p> <p>2.2. Ideas forza. Orientación profesional e xustiza social.</p> <p>2.3. Orientación profesional e empregabilidade.</p> <p>2.4. Áreas de intervención</p> <p>2.5. Modelos de intervención</p> <p>2.6. A orientación na avaliación, recoñecemento e acreditación de competencias</p>
Tema 3. Xénero e orientación profesional	<p>3.1. Conceptos para comprender e explicar as desigualdades de xénero.</p> <p>3.2. Xénero, proxecto profesional e inserción laboral. As barreiras de xénero</p> <p>3.2. Radiografía das desigualdades de xénero no sistema educativo e no mercado laboral</p> <p>3.3. A OP non discriminatoria (tamén non sexista ou para a igualdade de oportunidades) na normativa legal: evolución e situación actual.</p> <p>3.4. A perspectiva de xénero na OP e xustiza social: conceptualización e pautas para a súa integración.</p> <p>5.5. Programas e recursos para una OP con enfoque de xénero.</p>
Tema 4. A utilización das tecnoloxías dixitais en orientación profesional	<p>4.1. Algúns conceptos de partida</p> <p>4.2. Ámbitos de utilización das TIC/TAC en OP</p> <p>4.3. Competencia dixital e orientación Profesional.</p> <p>4.4. Boas prácticas na utilización das tecnoloxías dixitais en OP.</p>
Tema 5. Desenvolvemento e situación actual da orientación profesional e laboral no sistema educativo e no ámbito laboral	<p>2.1. Principais fitos e tendencias no desenvolvemento da OP.</p> <p>2.2. Organización e funcións da OP no sistema educativo.</p> <p>2.3. Organización e funcións da OP no ámbito laboral</p> <p>2.4. A orientación profesional nas políticas de formación e emprego da UE.</p>

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A15 C4	2	0	2
Análise de fontes documentais	A17 A19 A25 C1 C4	5	15	20
Sesión maxistral	A15 A17 A19	6	0	6
Aprendizaxe colaborativa	A16 A18 A20 A21 C3	4	8	12
Presentación oral	C1 C3	4	2	6
Portafolios do alumno	A15 A16 A17 A18 A19 C1 C4 C7	0	13	13



Prácticas a través de TIC	C3	1	2	3
Traballos tutelados	A18 A20 A21 A25 C1 C3 C7	6	28	34
Atención personalizada		4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	As actividades iniciais teñen unha dupla finalidade: a) que o alumnado tome conciencia dos seus coñecementos previos, de xeito que se convertan nun referente para a análise e reflexión do que precisan aprender e para facer balance das aprendizaxes construídas na materia. b) A posta en común e resolución de dúbidas das cuestións formuladas sobre as temáticas previamente traballadas fora da aula e que forman parte da clase invertida.
Análise de fontes documentais	As actividades de análise documental abordan distintas temáticas da materia: a) Análise do currículo das materias da especialidade e de dous libros de texto b) Análise de programas e actividades de orientación non sexista c) Análise de documentos para afondar nas temáticas da fundamentación teórica do traballo tutelado. d) Busca e análise de experiencias de utilización das TIC en orientación profesional
Sesión maxistral	O método expositivo utilízase para presentar, aclarar e sintetizar algunhas das temáticas que integran o programa da materia. Esta metodoloxía complementase coa análise documental destinado o afondamento dos temáticas. A sesión maxistral combínase coa clase invertida, deste xeito límitase o papel de transmisor de contidos do profesorado.
Aprendizaxe colaborativa	A aprendizaxe colaborativa é o principio que ha de rexir nas actividades grupais de análise de fontes documentais e nos traballos tutelados. É obxecto de auto-avaliación e co-avaliación e vai repercutir na cualificación de cada unha das persoas do grupo de traballo.
Presentación oral	Presentación grupal do traballo tutelado. A presentación vai ser avaliada polo resto do alumnado a partir dunha rúbrica, elaborada e consensuada polo alumnado a partir de varias propostas proporcionadas pola profesora.
Portafolios do alumno	Consiste nun informe no que o alumnado da conta das aprendizaxes adquiridas, da súa aplicación no TFM e no período de prácticas e da relación existente co resto das materias do mestrado. No portafolios hai que incluír un mapa conceptual dos contidos da materia e un glosario de termos.
Prácticas a través de TIC	As practicas a través de TIC céntranse na busca e selección de información, na creación dun marcador social, na delimitación da súa contorna persoal de aprendizaxe e na construción de diferentes artefactos dixitais en distintos formatos que van ser incluídas no traballo tutelado ou/e no portafolio individual. O marcador social e contorna persoal de aprendizaxe son compartidas co resto das materias do itinerario. Coas Prácticas a través das TIC preténdese que o alumnado adquira competencias dixitais docentes de diferentes áreas: a) Información e alfabetización dixital (navegación, busca e filtraxe; avaliación da información, e almacenaxe e recuperación de información e contidos dixitais). b) Comunicación e colaboración (compartir información e contidos, colaboración mediante vías dixitais, netiqueta e identidade dixital) c) Creación de contidos dixitais (desenvolvemento de contidos dixitais (desenvolvemento e integración e reelaboración de contidos dixitais) d) Resolución de problemas (identificación de necesidades e respostas, innovación e uso da tecnoloxía dixital de xeito creativo e identificación de lagoas na competencia dixital).
Traballos tutelados	Consiste no deseño dunha unidade didáctica de orientación profesional para o módulo de FOL ou para a titoría da formación profesional básica seguindo a metodoloxía de aprendizaxe baseada en proxectos (ABP).

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Presentación oral Traballos tutelados	<p>A atención personalizada adopta distintas modalidades: grupal, individual, obrigatoria e a demanda. A súa finalidade é apoiar e supervisar o proceso de aprendizaxe individual e grupal.</p> <p>O traballo tutelado (TT), como se indica na planificación, esixe de apoio personalizado, sendo obrigatoria a asistencia a dúas titorías grupais. Na primeira, teñen que dar conta da planificación do traballo e da organización do grupo para que cumpra cos principios do traballo colaborativo. Na segunda supervísanse as tarefas realizadas. As aulas interactivas tamén son un espazo para a supervisión e para orientación do TT e da presentación oral.</p> <p>O alumnado con matrícula a tempo parcial terá unha atención personalizada vinculada a modalidade de avaliación específica que se describe no apartado de avaliación.</p>
--	--

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Portafolios do alumno	A15 A16 A17 A18 A19 C1 C4 C7	Consiste nun informe no que o alumnado describe o proceso de aprendizaxe e as aprendizaxes construídas, valora a súa aplicación no TFM e no Practicum, establece relacións coas aprendizaxes das materias do mestrado, identifica competencias profesionais e valora as súas necesidades de formación no ámbito da orientación profesional. Na súa valoración utilízase unha rúbrica que ademais de servir de instrumento de avaliación, orienta na realización do portafolios.	40
Presentación oral	C1 C3	Presentación grupal dun dos estudos de caso e da análise dos sesgos sexistas nos libros das materias da especialidade. A presentación será co-avaliada polo alumnado a través dunha rúbrica elaborada e consensuada co alumnado.	15
Prácticas a través de TIC	C3	Consiste na construción dun marcador social e da propia contorna de aprendizaxe. Os criterios de avaliación para o marcador son o número de recursos almacenados, o seu nivel de descrición e valoración e o sistema de categorías e subcategorías utilizadas para a súa almacenaxe. Para a contorna persoal de aprendizaxe terase en conta o número de ámbitos, recursos e ferramentas incorporados e a análise e valoración realizada polo alumnado sobre a súa contorna persoal de aprendizaxe.	10
Traballos tutelados	A18 A20 A21 A25 C1 C3 C7	Os criterios de avaliación dos traballos tutelados varían en función do reto escollido. Para os retos relacionados coa elaboración de propostas didácticas, os criterios de avaliación son os seguintes: a) fundamentación teórica baseada en fontes actualizadas e pertinentes, b) análise e valoración do currículo oficial, c) contextualización da proposta (curricular, centro, ciclo e alumnado), d) formulación de obxectivos e contidos, e) nivel de concreción das actividades; f) procedemento de avaliación (técnicas e instrumentos, incorporación de procesos de co-avaliación e auto-avaliación) g) coherencia entre os distintos elementos da proposta.	35

Observacións avaliación



PARTICIPACIÓN DO ALUMNADO NA AVALIACIÓN

Unha das premisas é que o alumnado colabore no proceso de avaliación participando na delimitación dos criterios de avaliación e cualificación e exercendo de axente na avaliación das aprendizaxes, a través de procedementos de auto e coavaliación, e do proceso de ensino. Por esta razón, os criterios de cualificación e de avaliación poden ser modificados.

COMPETENCIA LINGÜÍSTICA EN GALEGO A utilización do galego e a súa competencia lingüística tamén vai ser obxecto de avaliación na presentación oral e nas actividades escritas grupais e individuais. O seu peso na cualificación final pode chegar até 0,5 puntos.

ASISTENCIA E SISTEMA DE AVALIACIÓN A asistencia ás aulas é obrigatoria. O alumnado con asistencia regular e que ocasionalmente non acuda a unha sesión deberá de facer individualmente e entregar as actividades realizadas nesa sesión. A cualificación final será o resultado das puntuación obtidas nas catro actividades de avaliación descritas. Para superar a materia é indispensable obter a metade da cualificación no portafolio e nos traballos tutelados e ter realizadas o resto das actividades. Cando non se realice algunha das actividades (portafolio ou traballo tutelado) a cualificación será non presentado. Na avaliación da segunda oportunidade deberán de recuperarse as actividades non superadas. Ó rematar as aulas e na data acordada, cada grupo presentará un dossier grupal coas actividades realizadas en grupo e coas fichas de auto-avaliación, co-avaliación e coa planificación do traballo grupal. Os resultados da co-avaliación teñen efectos na cualificación individual de cada alumna e alumno. No caso de non acadar o 80% de asistencia o alumnado terá que realizar un exame específico (3) entregar o portafolio (3 puntos), o traballo tutelado (3 puntos) e as prácticas a través das TIC (1 punto). Para superar a materia hai que obter a metade da cualificación no exame e no traballo tutelado e ter realizadas o resto das actividades. Na segunda oportunidade recuperarán as partes non superadas. Para as persoas con matrícula a tempo parcial e dispensa académica hai unha modalidade de avaliación específica. Antes do inicio da materia teñen que solicitar unha titoría para establecer o proceso de seguimento. Para superar a materia terá que realizar o exame (2 puntos) o portafolio (4 puntos), o traballo tutelado (3 puntos) e as prácticas a través das TIC (1 punto) e obter a metade da cualificación no exame e no traballo tutelado. Na segunda oportunidade recuperarán as partes non superadas.

UTILIZACIÓN DUNHA LINGUAXE INCLUSIVA Nas actividades escritas é obrigatoria a utilización dunha linguaxe inclusiva.

FALTA DE INTEGRIDADE ACADÉMICA a) Ausencia de citación de fontes As citas e referencias a calquer tipo de texto deben declararse ao longo do texto e no apartado de referencias bibliográficas, utilizando as normas APA 6º edición. b) Plaxio O plaxio será motivo de suspenso, en aplicación do artigo 14.4 da normativa académica de avaliación da UDC, que establece: "na realización de traballos, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través de internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é o caso, o permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade" Normativa académica de avaliación, revisión e reclamación da UDC: https://www.udc.es/export/sites/udc/normativa/_galeria_down/academica/Normas_avaliacion_revision_reclamacion_consolidado_1.pdf <http://www.educacion.udc.es/?pagina=propiedad-intelectual>

Falsificación da sinatura Asinar na folla de asistencia por unha compañeira ou compañeiro ausente será penalizado coa perda de avaliación continua

Copiar nos exames O uso indebido de información durante os exames tamén será motivo de suspenso



<p>Bibliografía básica</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Arraiz, B. ;Careaga, H.;Carramiñana, S.; Oskoz, J.M. (2015). Guía para la incorporación de la perspectiva de género en el curriculum y en la actividad docente de las enseñanzas de régimen especial y de Formación Profesional. Victoria: Emakunde - Echeverría, Benito (coord) (2008). Orientación profesional. Barcelona: Editorial UOC - Cobo, A; Gutiérrez, E. e Planas, A. (2012). La orientación profesional y la búsqueda de empleo. Experiencias innovadoras y técnicas de intervención que facilitan la inserción laboral.. Barcelona: Editorial Grao - Mc Carthy, J. (2016). Laorientación profesional y las habilidades para la gestión de la carrera. Una perspectiva internacional. España: Universidad Castilla La Mancha/ wolters Kluwer - Mc Carthy, J. (2016). la dimensión de servicio público de la orientación . España: Universidad Castilla La Mancha/ wolters Kluwer - Pérez Boullosa, A. (2009). Orientación para la inserción profesional: estrategias y recursos.. Madrid: Biblioteca Nueva - Sánchez García, María Fe (2014). Orientación profesional y personal. Madrid: UNED - Sanz, Clara e Manzanares, Asunción (2016). El modelo de orientación profesional en cuestión. Revisión de sus referentes teórico-prácticos. . España: Universidad Castilla La Mancha/ wolters Kluwer - Sanz, Clara e Manzanares, Asunción (2016). Claves sobre la intervención de la orientación profesional en los sistemas de formación profesional. España: Universidad Castilla La Mancha/ Wolters Kluwer - Sultana, Robert (2016). La movilización de los servicios de orientación profesional en torno a una agenda de justicia social: una prioridad para todos. España: Universidad Castilla La Mancha/ Wolters Kluwer <p>Para cada tema e para a realización do traballo tutelada facilítase bibliografía básica e complementaria, na maioría dos casos comentada. En moodel tamén se recompilan fontes electrónicas de interese para cada un dos temas e que poden incorporarse ó marcador social.</p>
<p>Bibliografía complementaria</p>	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Formación profesional e mercado laboral/652606611

Aprendizaxe e ensino dos módulos da especialidade de formación e orientación laboral/652606621

Proxectos de innovación e investigación educativa en formación profesional e orientación laboral/652606E31

Observacións

COMPROMISO COA SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL Débese facer un uso sustentábel dos recursos co obxecto de evitar impactos negativos sobre o medio natural.Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais.En coherencia cos principios enunciados, os traballos impresos que se teñan que entregar non utilizarán plásticos, estarán impresos a dobre cara e empregarán papel recicladoACTUALIZACIÓN DO PERFIL EN MOODELNa segunda sesión de clase todo o alumnado ha de ter pendurada unha foto actual no seu perfil da plataforma de moodel. CARGA DE TRABALLO A realización das tarefas indicadas na guía docente supoñen unha dedicación de 72 horas de traballo fora da aula. Daquela, cómpre unha boa planificación e xestión do tempo.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías